

## **Proxecto de Decreto /2026, polo que se regulan os itinerarios culturais de interese autonómico.**

A Comunidade Autónoma de Galicia ten encomendada a competencia exclusiva en materia de fomento da cultura, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución. Así se prevé no artigo 27.19 do seu Estatuto de autonomía.

Esta previsión non pode desligarse da obriga que o artigo 4.2 do mesmo Estatuto de autonomía lle impón aos poderes públicos de Galicia de facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

Ao abeiro do reparto competencial delimitado pola Constitución española, e tendo en conta o mandato do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma aprobou a Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que responde á necesidade de encher un baleiro normativo no que o dereito de acceso á cultura se trate en termos de inclusión e accesibilidade e ao mesmo tempo integre a dobre perspectiva que ofrece o seu exercicio, tanto a da creación, como a do desfrute ou consumo da cultura.

A Lei 3/2024, do 5 de decembro, regula, entre outras cuestións, os factores de risco de exclusión cultural. Entre eles, o territorio concíbese como un potencial factor de risco cando supoña unha limitación para que as persoas afectadas poidan acceder a determinados servizos ou actividades no ámbito da cultura. Neste senso, o ámbito rural é un espazo especialmente sensible e precisa dunha atención singular por parte das Administracións públicas en canto á planificación e ao fomento.

A citada lei regula ademais, no referido ao seu ámbito de aplicación, as actividades e manifestacións culturais que, en diferentes formatos, se desenvolven no territorio da Comunidade autónoma de Galicia e son destinatarias dos seus mandatos. Estre elas figuran os itinerarios culturais de interese autonómico, incorporados a esta norma mediante modificación

realizada pola Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Os itinerarios culturais de interese autonómico son percorridos distintos ás vías do patrimonio cultural de Galicia reguladas pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e, en consecuencia, non se someten ao réxime de protección e xestión previsto na citada norma. Con todo, existe un clamor social sobre a necesidade de poñer en valor determinados percorridos que teñen un evidente interese cultural para a nosa Comunidade autónoma. Trátase de itinerarios que conectan manifestacións culturais, e tamén naturais, de distinta índole, que actúan como elemento para promover e difundir a identidade cultural do territorio e dos pobos polos que discorre. Estes itinerarios cobran un papel relevante nas zonas rurais nas que contribúen ao desenvolvemento territorial sustentable e actúan como verdadeiros elementos de cohesión social.

Neste senso, faise preciso desenvolver a Lei 3/2024, do 5 de decembro, no que afecta aos itinerarios culturais, ao seu recoñecemento, promoción e difusión.

A norma responde aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e no artigo 37. a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. O obxecto da regulación responde á satisfacción dun interese xeral, coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, necesidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade e simplicidade.

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, o interese xeral vén motivado pola necesidade de dar cumprimento ao desenvolvemento da Lei 3/2024, do 5 de decembro, no que afecta aos itinerarios culturais, en canto instrumento de promoción da cultura especialmente naqueles territorios con máis dificultades de acceso cultural. Faise preciso contar cun procedemento para declaralos como tales e cunha regulación que delimite o seu réxime xurídico básico, así como os efectos da súa declaración; entre eles, a posibilidade de promovelos,

de difundilos e de fomentar actividades culturais accesibles e inclusivas no marco da súa xestión.

Ademais, o decreto cumpre co principio de proporcionalidade en tanto que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades a cubrir. Coa finalidade de garantir o principio de seguridade xurídica, esta norma resulta coherente co resto do ordenamento xurídico autonómico e estatal, xerando un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e a súa comprensión. Así mesmo, na tramitación deste decreto observouse o principio de transparencia, posibilitando que as potenciais persoas destinatarias tiveran unha participación activa na elaboración da norma. Por último, en cumprimento do principio de eficiencia, o decreto evita cargas administrativas innecesarias e racionaliza a xestión dos recursos públicos.

A tramitación deste decreto cumpriu coas exixencias de orde procedimental e realizouse de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro e coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Durante a súa tramitación posibilitouse a participación da cidadanía a través do proceso de consulta pública previa e posterior exposición pública, conforme ao principio de transparencia que debe presidir a dita tramitación. Así mesmo, foi sometido aos informes requiridos polo vixente marco xurídico.

O decreto estrutúrase en 23 artigos, organizados nun capítulo I de disposicións xerais e noutros dous capítulos referidos, respectivamente, ao procedemento de declaración dos itinerarios e aos efectos da declaración; unha disposición adicional, unha derogatoria e dúas derradeiras. No proceso de elaboración do proxecto normativo someteuse a informe, entre outros, de impacto demográfico, o informe de impacto de xénero, de sostibilidade, ou da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día .....de .....de dous mil vinte e seis,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### **Disposicións xerais**

#### *Artigo 1. Obxecto*

1. Este decreto ten por obxecto a regulación do procedemento administrativo para a declaración de itinerarios culturais de interese autonómico, así como a determinación do seu réxime xurídico básico e dos efectos derivados da dita declaración.

2. Para os efectos deste decreto, teñen a consideración de itinerarios culturais de interese autonómico os definidos no artigo 3.1.e) da Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

3. Os itinerarios culturais de interese autonómico poderán responder tanto a unha configuración territorial como a unha definición temática ou conceptual, sen que sexa necesaria a continuidade física entre os elementos que os integran.

A natureza territorial ou temática do itinerario non implicará diferenzas no procedemento de declaración, nin nos efectos xurídicos derivados desta.

4. Os itinerarios culturais de interese autonómico configúranse como instrumentos de promoción e difusión cultural, carentes de efectos de protección patrimonial específica e sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, da normativa sectorial correspondente.

## Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Este decreto é de aplicación aos itinerarios culturais de interese autonómico que discorran dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Quedan fóra do ámbito de aplicación deste decreto os Camiños de Santiago regulados pola Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

## Artigo 3. *Réxime xurídico*

1. O procedemento regulado neste decreto rexerase polo disposto nel e, no non previsto, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. En ningún caso a declaración de itinerario cultural de interese autonómico implicará a aplicación do réxime de protección previsto na normativa de patrimonio cultural, nin a imposición de limitacións adicionais ás derivadas da lexislación sectorial aplicable.

## Artigo 4. *Principios reitores*

1. Os itinerarios culturais de interese autonómico deberán respectar, en todo caso, os principios reitores da cultura inclusiva establecidos no artigo 4 da Lei 3/2024, do 5 de decembro.
2. Así mesmo, en canto elementos de inclusión cultural orientados á promoción e difusión da identidade cultural de Galicia, os itinerarios recoñecidos ao abeiro deste decreto rexeranse polos principios de desenvolvemento territorial sustentable, cooperación cultural e cohesión social.

## Artigo 5. *Accesibilidade*

1. Os itinerarios culturais de interese autonómico deberán garantir o cumprimento do principio de accesibilidade universal, en coherencia co disposto

na normativa estatal e autonómica en materia de accesibilidade e non discriminación.

2. A accesibilidade deberá integrarse de forma transversal en todas as fases do itinerario, incluíndo o seu deseño, recoñecemento, execución, mantemento e promoción.

3. Nos supostos en que non sexa posible garantir plenamente a accesibilidade, deberán adoptarse medidas alternativas ou solucións compensatorias que permitan un acceso o máis amplo posible.

4. O órgano instrutor poderá solicitar informe a órganos competentes en materia de accesibilidade ou a entidades especializadas, cando a natureza do itinerario así o aconselle.

#### Artigo 6. *Obxectivos*

Constitúen obxectivos da declaración de itinerario cultural de interese autonómico os seguintes:

- a) A promoción da cultura en territorios que poidan estar en risco de exclusión cultural.
- b) A difusión e visibilización dos bens e manifestacións culturais, materiais e inmateriais, costumes, paisaxes e tradicións que conforman a identidade dos territorios polos que discorre cada itinerario que sexa obxecto de declaración.
- c) O desenvolvemento territorial, social e cultural dos concellos afectados de forma sostible e respectuosa co medio.
- d) O fomento de actividades culturais e artísticas que dinamicen cultural, profesional e economicamente o territorio, especialmente nas zonas rurais.
- e) O diálogo cultural como mecanismo para facilitar a comprensión das culturas autóctona, inmigrante, rural ou urbana, entre os distintos

territorios.

#### Artigo 7. *Elementos de identificación*

1. Os proxectos deberán xustificar de forma motivada e documentada a relevancia cultural, natural, histórica ou etnográfica do itinerario proposto.
2. Deberán incorporar, cando menos:
  - a) Identificación precisa dos concellos que forman parte do itinerario.
  - b) Relación e descrición dos bens, prácticas ou manifestacións naturais e culturais, materiais ou inmateriais, vinculadas.
  - c) Xustificación do interese cultural do itinerario en relación cos obxectivos previstos neste decreto.
  - d) Plan de xestión, mantemento e dinamización cultural do itinerario.
3. A documentación deberá permitir unha avaliación suficiente da viabilidade e sustentabilidade do itinerario.

## CAPÍTULO II

### **Procedemento de declaración de itinerarios culturais de interese autonómico**

#### Artigo 8. *Inicio do procedemento*

1. O procedemento de declaración dun itinerario cultural de interese autonómico iniciárase mediante a solicitude dunha o varias persoas promotoras, dirixida á consellería competente en materia de cultura. Para estes efectos, poderán actuar como promotoras as entidades locais e as entidades xurídicas de carácter privado interesadas no seu recoñecemento.
2. A solicitude presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se establece no anexo I e que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### *Artigo 9. Documentación complementaria*

As persoas promotoras deberán achegar, coa solicitude, a acreditación da seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da representación da persoa promotora.
- b) Documentación acreditativa da creación ou constitución da persoa xurídica promotora, de ser o caso.
- c) Memoria xustificativa dos aspectos de identificación do itinerario que figuran regulados no artigo 7.
- d) Plan de xestión, mantemento e dinamización cultural do itinerario.
- e) Compromiso da persoa ou persoas promotoras de asumir o mantemento e xestión do itinerario proposto, unha vez recoñecido.
- f) Consentimento das persoas titulares dos espazos privados, no caso de que o itinerario incorpore ao seu percorrido espazos desta natureza.

#### *Artigo 10. Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

2. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.
3. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### *Artigo 11. Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Número de identificación fiscal (NIF) da entidade solicitante.

b) Número de identificación fiscal (NIF) da entidade representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas que presenten os documentos correspondentes.

#### *Artigo 12. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 13. *Instrución do procedemento*

1. A instrución do procedemento corresponderalle ao centro directivo competente en materia de promoción da cultura.
2. Recibida a solicitude de recoñecemento, procederase á comprobación da documentación.

Se a documentación presenta omisións ou deficiencias, requirirase á persoa solicitante para que a emende no prazo de dez días hábiles, coa indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da solicitude.

No caso de que a solicitude non sexa emendada correctamente e en prazo, a Administración ditará a correspondente resolución en que declare a desistencia daquela.

#### Artigo 14. *Informes*

1. Durante a tramitación do procedemento, o órgano instrutor elaborará un informe técnico sobre o interese cultural do itinerario proposto para a Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O informe avaliará, en particular, a concorrencia dos valores e obxectivos previstos neste decreto, atendendo, entre outros, aos seguintes criterios:
  - a) Relevancia cultural das manifestacións conectadas.
  - b) Contribución á inclusión cultural e á cohesión territorial.
  - c) Impacto potencial no desenvolvemento cultural e socioeconómico do territorio.
  - d) Viabilidade da súa xestión sustentable e do seu mantemento.
3. O informe terá carácter non vinculante.
4. O órgano instrutor poderá, así mesmo, solicitar informe facultativo aos

órganos ou entidades especializadas, en función da temática do itinerario.

#### Artigo 15. *Resolución*

1. A declaración de itinerario cultural de interese autonómico realizarase mediante resolución da persoa titular da consellería competente en materia de cultura, por proposta do centro directivo con competencias en materia de promoción da cultura.
2. A resolución será motivada e deberá pronunciarse sobre o cumprimento dos requisitos establecidos neste decreto. Incluirá, cando menos:
  - a) A identificación do itinerario e dos seus elementos.
  - b) Os concellos que forman parte do itinerario.
  - c) Os valores culturais que fundamentan a declaración.
3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de cinco meses, contados desde o día seguinte ao da presentación da solicitude no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia. Para os efectos do artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o transcurso do prazo máximo para resolver sen que se adoptase e notificase a resolución terá efectos desestimatorios.

#### Artigo 16. *Notificacións*

1. As notificacións das resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas que se realicen practicaranse mediante comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia - Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa

considerada perfectamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido.
5. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 17. *Recursos*

1. A resolución de declaración de itinerario cultural de interese autonómico, ditada pola persoa titular da consellería competente en materia de cultura, pon fin á vía administrativa de conformidade co artigo 114.1.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
2. Contra a resolución de declaración de itinerario cultural de interese autonómico as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co establecido

nos artigos 10, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que ditou o acto nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Se se opta por interpor o recurso potestativo de reposición non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

### **CAPÍTULO III**

#### **Efectos da declaración**

##### *Artigo 18. Efectos da declaración*

1. A declaración dun itinerario cultural de interese autonómico comportará o recoñecemento do seu interese cultural e a promoción do seu uso institucional, sen prexuízo dos dereitos de titularidade e uso dos bens e espazos polos que discorra.
2. A declaración non implicará a alteración da titularidade dos bens culturais ou naturais vinculados ao itinerario, nin suporá limitacións adicionais ás establecidas pola normativa aplicable. En todo caso, a inclusión de bens e espazos de propiedade privada no itinerario, así como calquera actuación material de sinalización, acceso, conservación ou mellora que lles afecte, requirirá o correspondente título xurídico habilitante.
3. Os itinerarios declarados poderán empregar, para a súa identificación e difusión, o distintivo regulado no artigo 22.
4. A condición de itinerario cultural de interese autonómico poderá ser tida en conta como criterio preferente no acceso ás liñas de axuda que, de ser o caso, estableza a Administración autonómica para o seu fomento e promoción, conforme ao previsto no artigo 21.

### Artigo 19. *Obrigas derivadas da declaración*

1. Corresponderá á persoa ou persoas promotoras da declaración levar a cabo as actividades de sinalización, mantemento e conservación do itinerario de acordo co plan de xestión, mantemento e sinalización presentado conforme o artigo 7.2.d), sen prexuízo das instrucións técnicas que, de ser o caso, estableza a consellería competente en materia de cultura.

Será igualmente da súa responsabilidade a xestión de incidencias que puntualmente poidan afectar ao percorrido identificado oficialmente. Para estes efectos deberán facerse públicas as medidas que sexan de interese para as persoas interesadas no uso e desfrute dos bens, prácticas ou manifestacións naturais e culturais, materiais ou inmateriais, vinculadas ao itinerario.

2. As persoas promotoras deberán comunicar á consellería con competencia en materia de cultura calquera información que temporalmente poida limitar ou condicionar o desfrute do itinerario.

3. A consellería competente en materia de cultura poderá realizar actuacións de comprobación e requirir información en calquera momento.

4. O incumprimento das obrigas poderá dar lugar á incoación do procedemento de revogación.

### Artigo 20. *Vixencia da declaración*

1. A declaración de itinerario cultural de interese autonómico conservará a súa vixencia mentres se manteñan as condicións que determinaron o seu recoñecemento.

2. A consellería competente en materia de cultura poderá revogar a declaración, de oficio ou por instancia de parte, logo da tramitación do correspondente procedemento, cando concorra algunha das seguintes circunstancias debidamente acreditadas:

a) A perda sobrevida dos valores culturais que motivaron a declaración.

b) O incumprimento grave ou reiterado das obrigas asumidas polas persoas promotoras.

c) A existencia de riscos certos e permanentes para a seguridade das persoas ou para a protección dos recursos culturais ou naturais asociados ao itinerario.

3. No procedemento de revogación garantírase en todo caso a audiencia das persoas promotoras, así como a motivación expresa da resolución que, de ser o caso, acorde a revogación.

#### *Artigo 21. Actividade de fomento e promoción*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias, impulsará políticas activas de fomento dirixidas á consolidación, mantemento e dinamización dos itinerarios culturais de interese autonómico.

2. Para estes efectos, poderanse establecer, de acordo coa normativa aplicable en materia de subvencións, liñas específicas de apoio destinadas, entre outras finalidades, a:

a) A sinalización, conservación e mellora dos itinerarios.

b) A organización e desenvolvemento de actividades culturais e artísticas vinculadas aos itinerarios.

c) A elaboración de materiais divulgativos, didácticos e promocionais.

d) A formación e profesionalización das persoas e entidades implicadas na súa xestión.

e) A incorporación de ferramentas dixitais para a difusión e posta en valor dos itinerarios.

3. A condición de itinerario cultural de interese autonómico constituirá criterio preferente na valoración das solicitudes presentadas ás convocatorias de axudas promovidas pola consellería competente en materia de cultura, así

como, de ser o caso, por outros departamentos da Administración autonómica con competencias concorrentes.

4. A Administración autonómica promoverá accións coordinadas de difusión e promoción dos itinerarios culturais, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, como no exterior, a través de:

- a) A súa integración en estratexias e campañas institucionais de promoción cultural e turística.
- b) A colaboración con outras administracións públicas e entidades públicas ou privadas.
- c) A súa presenza en plataformas dixitais, redes culturais e programas de cooperación interterritorial ou internacional.
- d) A organización ou participación en eventos, feiras e iniciativas de difusión cultural.

5. A consellería competente en materia de cultura poderá establecer instrumentos específicos de coordinación e apoio ás persoas promotoras, co fin de garantir a coherencia e continuidade das actuacións de fomento e promoción.

#### *Artigo 22. Distintivo de identificación*

- 1. A consellería competente en materia de cultura creará un distintivo de identificación dos itinerarios culturais de interese autonómico.
- 2. O emprego deste distintivo, que quedará reservado ás persoas promotoras dos itinerarios, axustarase á normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia vixente en cada momento.

#### *Artigo 23. Rede de itinerarios culturais de interese autonómico*

- 1. Constitúese a Rede de itinerarios culturais de interese autonómico como o conxunto de percorridos culturais declarados conforme ao previsto neste

decreto.

2. A consellería competente en materia de cultura garantirá a publicidade e difusión da Rede de itinerarios culturais de interese autonómico, en particular, os concellos polos que discorren, as manifestacións culturais e naturais conectadas polos percorridos, a súa significación cultural, as actividades culturais que se desenvolven e as persoas promotoras dos ditos itinerarios.
3. A Rede terá carácter público e a súa información estará accesible a través dos medios electrónicos da Xunta de Galicia.
4. A súa xestión corresponderá á consellería competente en materia de cultura.
5. A inclusión dun itinerario na Rede producirase de oficio tras a súa declaración.

Disposición adicional única. *Actualización dos modelos normalizados*

De conformidade coa Disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado nesta disposición poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango sexan contrarias ao contido deste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

1. Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de cultura para aprobar cantas disposicións sexan necesarias para o

desenvolvemento deste decreto.

2. Habilítase á persoa titular da consellería competente en materia de cultura para a modificación do anexo I.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de      de 2026

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

José Carlos López Campos

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

**ANEXO I**

| PROCEDEMENTO                                                       | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO         |
|--------------------------------------------------------------------|------------------------|-------------------|
| <b>DECLARACIÓN DE ITINERARIOS CULTURAIS DE INTERESE AUTONÓMICO</b> |                        | <b>SOLICITUDE</b> |

|                                      |                |           |          |                |       |       |
|--------------------------------------|----------------|-----------|----------|----------------|-------|-------|
| <b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b> |                |           |          |                |       |       |
| <b>IDENTIFICACIÓN</b>                |                |           |          |                |       |       |
| TIPO                                 |                | NÚM.      |          | PAIS EMISOR    |       |       |
| RAZÓN SOCIAL                         |                |           |          |                |       |       |
| <b>ENDEREZO</b>                      |                |           |          |                |       |       |
| PAIS                                 |                |           |          |                |       |       |
| TIPO                                 | NOME DA VÍA    |           |          | NÚM.           | BLOQ. | ANDAR |
| CÓDIGO POSTAL                        |                | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE     |       |       |
| PARROQUIA                            |                |           | LUGAR    |                |       |       |
| <b>CONTACTO</b>                      |                |           |          |                |       |       |
| PREFIXO                              | TELÉFONO MÓBIL |           | PREFIXO  | OUTRO TELÉFONO |       |       |
| CORREO ELECTRÓNICO                   |                |           |          |                |       |       |

|                                                                                                                      |      |                  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|------------------|
| <b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) |      |                  |
| <b>IDENTIFICACIÓN</b>                                                                                                |      |                  |
| TIPO                                                                                                                 | NÚM. | PAIS EMISOR      |
| NOME/RAZÓN SOCIAL                                                                                                    |      | PRIMEIRO APELIDO |
|                                                                                                                      |      | SEGUNDO APELIDO  |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                |                    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|--------------------|
| <b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                |                    |
| <p>Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a></p> <p>Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.</p> <p>Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:</p> |                |                    |
| PREFIXO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |

|                                                                                                                                                                        |  |               |                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|---------------|-------------------|
| <b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA [OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE]</b>                                                                                              |  |               |                   |
| <input type="checkbox"/> Memoria xustificativa dos aspectos de identificación do itinerario que figuran regulados no artigo 7.                                         |  |               |                   |
| <input type="checkbox"/> Compromiso da persoa ou persoas promotoras, de asumir a responsabilidade do mantemento e xestión do itinerario proposto, unha vez recoñecido. |  |               |                   |
| <input type="checkbox"/> Consentimento das persoas titulares de espazos privados polos que poida discorrer o itinerario, de ser o caso.                                |  |               |                   |
|                                                                                                                                                                        |  | <b>ÓRGANO</b> | <b>CÓD. PROC.</b> |
| <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación da persoa promotora, de ser o caso.                                                              |  |               |                   |
| <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da creación ou constitución da persoa xurídica promotora, de ser o caso.                                           |  |               |                   |

ANEXO I  
(continuación)

| COMPROBACIÓN DE DATOS                                                                                                                                                                                                              | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. |                    |
| Numero de identificación fiscal (NIF) da persoa solicitante                                                                                                                                                                        | o                  |
| Numero de identificación fiscal (NIF) da persoa representante                                                                                                                                                                      | o                  |

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable do tratamento                                              | Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| Finalidades do tratamento                                              | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.                                                    |
| Lexitimación para o tratamento                                         | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia e a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos.<br>Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Destinatarios dos datos                                                | As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Exercicio de dereitos                                                  | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>             |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |

| LEXISLACIÓN APLICABLE                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.</li> <li>Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia</li> <li>Decreto polo que se regula o procedemento de declaración de itinerarios culturais de interese autonómico.</li> </ul> |

| SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE                                          |
|------------------------------------------------------------------------------------------|
| <div></div>                                                                              |
| <div></div>                                                                              |
| Lugar e data                                                                             |
| <div></div> <div>,</div> <div></div> <div>de</div> <div></div> <div>de</div> <div></div> |

Dirección Xeral de Cultura